



RESOLUCIÓN

Nº Expediente: 2023/CONTRAT/000054

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023002419 de 10 de MAIO de 2023, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto simplificado sumario, da subministración denominada “**SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS (2023-2025)**”.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de maio do 2023, rematando o día 25 de maio do 2023 o prazo de presentación de ofertas.

A Mesa de Contratación reunida o día 1 de xuño do 2023 procede a apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola única empresa licitadora, SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L. co CIF B15009681. Os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada estaría en situación de oferta anormalmente baixa polo que se acorda conceder un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

A Mesa de Contratación reunida o día 8 de xuño de 2023 comproba que SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS non xustifica a oferta anormalmente baixa realizada, senón que manifesta que tivo un erro, polo que a Mesa acorda propoñer ao órgano de contratación declarar deserta esta licitación ao non terse presentado ofertas válidas.

Polo departamento de Servizos Municipais, despois de dar traslado aos efectos oportunos, maniféstase a necesidade de volver a licitar o expediente nos mesmo termos, polo que en virtude do principio de conservación de actos e trámites, manteranse todos os actos, trámites e documentos do expediente en vigor: Memoria Xustificativa, Prego de Prescricións Técnicas e Prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023002419 de 10 de maio de 2023, procedendo a licitalo novamente.

Xa que logo, no uso das facultades que a Lei me concede

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar deserta a subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS (2023-2025)” dado que non se presentaron ofertas válidas.

SEGUNDO.- Abrir novamente a fase de licitación para a contratación da “SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS (2023-2025)”, co mesmo importe, memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares que o expediente aprobado por resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023002419 de 10 de maio de





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

2023, mediante a publicación de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

TERCEIRO.- Contra esta resolución, que pon din á vía administrativa, poderá vostede interpoñelos recursos seguintes:

A) Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo dun (01) mes, a contar desde o día seguinte ao de recepción desta notificación de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

B) Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo de (01) un mes desde a presentación do recurso sen que teña recibido a notificación de resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso será administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou interpoñer aquel outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola 1ª Tte. de Alcalde delegada de Interior, Seguridade Cidadá, Urbanismo e Economía e Facenda en funcións; e polo/a o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

